

A:E

Asociación
Boirenses de
Empresas



COMPRAS CON CORAZÓN

UNHA CAMPAÑA EXTRAORDINARIA





**"Escanea este código QR e accede a toda a información da
campaña: fotos, vídeos, noticias e recordos dunha semana chea
de actividade en Boiro."**

**4000
GRAZAS**

**DANIEL GARCÍA
PRESIDENTE ABE**



“Foi un orgullo organizar a campaña Boiro, Compras con Corazón, unha iniciativa que amosou o mellor do noso comercio local e o compromiso das nosas empresas coa veciñanza.

Durante unha semana, as rúas de Boiro enchéronse de vida, música, espectáculos e ilusión. Pero, por riba de todo, enchéronse do máis valioso: persoas que cren na forza do comercio de proximidade.

Dende a Asociación Boirense de Empresas quero agradecer fundamente o apoio da Xunta de Galicia e do Concello de Boiro, así como a confianza de todas as persoas que participaron activamente. Grazas a elas, demostramos que mercar aquí non é só unha elección práctica, senón tamén unha decisión que fortalece a nosa economía e a nosa comunidade.

O éxito desta campaña animounos a seguir traballando, a soñar en grande e a crear proxectos que fagan de Boiro un lugar cheo de oportunidades.

Nin no mellor dos meus soños agardaba ver a Praza do Concello ateigada con 4000 persoas no día do sorteo final. Ese momento quedará gravado como unha mostra de que, cando mercamos no noso pobo, gañamos todas e todos.



COMPRAS CON CORAZÓN

Do 16 ao 23 de agosto, Boiro viviu a campaña máis ambiciosa da historia da ABE, unha iniciativa que encheu as rúas de vida, cultura, premios e comercio local.

Máis de 200 negocios participaron activamente nesta gran festa, con actividades para toda a familia, degustacións, música en directo e un sorteo final de 5.000 € en vales de compra.

Durante toda a semana, os Vales Corazón foron protagonistas, permitindo gozar de inchables, petiscos, agasallos e outras experiencias únicas.



“Boiro, Compras con Corazón” foi posible grazas á organización da ABE, a cofinanciación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Boiro, sendo ademais un dos 5 proxectos premiados na campaña de dinamización extraordinaria da Xunta en 2025. “O teu comercio local é extraordinario” .



DESEÑO DA CAMPAÑA

A ilustradora local Thais Forján foi a encargada de crear esta identidade visual única. O seu estilo fresco e colorido conseguiu transmitir a proximidade, a alegría e a calidez que caracteriza o noso comercio.

Cada liña e cada detalle pensouse para que as persoas que participaban na campaña se sentisen parte activa dun proxecto común, facendo que Boiro se convertese nun espazo vivo e emotivo.

As bolsas, de deseño exclusivo, foron agasallos para os primeiros participantes e simbolizan a creatividade local.

“Queríamos que cada elemento da campaña fose unha pequena obra de arte que as persoas puidesen levar consigo, recordando a experiencia e reforzando o vínculo co comercio de proximidade”, explica Thais Forján.





INAUGURACIÓN

A campaña arrancou o sábado 16 de agosto diante do Mercado Municipal de Boiro, combinando gastronomía, música e actividades para toda a familia. A xornada inaugural deixou unha imaxe das rúas ategadas de xente, confirmando o impacto da iniciativa desde o seu primeiro día.

Comezou coa degustación de máis de 500 tapas de mexillón, elaboradas polo chef Miguel Mosteiro en colaboración coa Exaltación do Mexillón de Cabo de Cruz - Boiro.

Os asistentes intercambiaron os seus Vales Corazón polas tapas e, no primeiro día da campaña, distribuíronse 400 bolsas exclusivas converténdose nun recordo único da xornada.

O concerto de Cachas and Cousins celebrouse nunha ubicación innovadora: o balcón da Policía Local, ofrecendo unha sesión vermú en altura que permitiu aos asistentes gozar da música desde unha perspectiva distinta.





Durante toda a xornada estivo activo o Punto de Información da campaña, onde os participantes puideron cambiar tickets por rifas, recoller as bolsas e informarse sobre o desenvolvemento da semana.

As intervencións institucionais reforzaron o valor da iniciativa:

Daniel García, presidente da ABE, destacou que a campaña era “unha oportunidade única para poñer en valor o comercio local e reforzar a conexión coas familias da vila”.

José Ramón Romero, alcalde de Boiro, subliñou que apoiar ao tecido empresarial local “non só dinamiza a economía, senón que tamén enriquece a vida social e cultural de Boiro”.

Gabriel Alén, director xeral de Comercio, lembrou que a campaña foi seleccionada como un dos cinco proxectos de dinamización extraordinaria da Xunta de Galicia, demostrando a capacidade de colaboración entre administración e tecido empresarial local.



CAMPAÑA VIRAL

A presenza dixital xogou un papel fundamental nesta campaña. Contamos coa colaboración da influencer local @oliva_sinhache, que achegou frescura e proximidade á mensaxe, logrando conectar especialmente coa xente nova.

Ademais, un dos vídeos da campaña acadou máis de 400.000 reproducións, converténdose nun auténtico fenómeno viral.

Todo isto, unido a unha completa estratexia de marketing dixital, permitiunos chegar a un público amplo e diverso, facendo que a mensaxe de apoio ao comercio local traspasase as rúas de Boiro para proxectarse moito máis alá.





PRESENZA NAS RÚAS

Para completar a difusión dixital, durante toda a semana da campaña estiveron activos os Puntos de Información situados xunto aos espectáculos e actividades. Nestes puntos, os participantes puideron cambiar os seus tickets de compra por rifas para participar no gran sorteo final de 5.000 €.

O funcionamento foi sinxelo: por cada 10 € de compra entregábase 1 rifa, cun máximo de 5 rifas por ticket ou factura. Ademais, estes puntos servían para informar aos asistentes sobre o calendario de actividades e entregar outros pequenos detalles da campaña.

PROGRAMACIÓN SEMANAL

Durante a semana, as rúas de Boiro enchéronse de vida coa programación da campaña.

Cada mañá, entre as 11:00 e as 14:00, estivo activo o Punto de Información, onde os clientes podían trocar tickets de compra por rifas e recoller palomitas ou gominolas presentando os Vales Corazón.

Ás 12:30, comezaban os espectáculos diarios, pensados para público infantil e familiar.

Humor, circo, maxia, música e actuacións creativas encheron de alegría as rúas de Boiro, creando momentos únicos para pequenos e maiores.





Luns 18 - Antuán de la Cream

Espectáculo de circo, malabares, humor e clown. Pequenos e maiores participaron activamente, iniciando a semana con moitas risas e diversión.



Martes 19 - Maite Guevara "Qué buen día"

Clown e humor fresco cunha posta en escena próxima e divertida. O público gozou das intervencións cómicas e da interacción directa coas familias.

Mércores 20 - Maiclown "Tentación Divina"

Teatro xestual, clown e números aéreos.

Un espectáculo sorprendente que combinou humor e virtuosismo, deixando pegada en todos os asistentes.





Xoves 21 - O Mago Paco "Hocus Pocus"

Maxia, humor e clown combinados nun espectáculo que encantou a pequenos e maiores.

Os espectadores participaron activamente e disfrutaron das ilusións do mago.



Venres 22 (mañá) - Hipnótica "Las embotelladoras de sueños"

Clown, malabares e música en vivo. Unha proposta creativa e divertida que sorprende ao público familiar.



Venres 22 (tarde) - Concerto Punkinfantil con Peter Punk & Brais das Hortas

Concerto de música infantil en galego, cheo de ritmo, mensaxes positivas e diversión para todos. Rematou a semana cunha xornada festiva e participativa.



DIVERSIDADE DE LOCALIZACIÓNS

Para abarcar máis zonas de Boiro e implicar un maior número de negocios, os espectáculos da campaña desenvolveronse en ata seis localizacións diferentes, permitindo que máis establecementos puidesen participar activamente e beneficiarse da afluencia de público sen concentrar todo nun único punto.

Ademais, Duende Circo presentou o seu espectáculo itinerante “Paiaso Total”, realizando dous percorridos: un pola rúa principal e outro pola Avenida da Constitución. Deste xeito, o circo e o humor achegáronse a distintos espazos da vila, multiplicando as oportunidades de visibilidade e participación para todos os negocios asociados á campaña.



VALES CORAZÓN

Os Vales Corazón convertéronse nun símbolo da campaña, entregábanse directamente nos establecementos asociados ou na jaima da ABE, como recoñecemento á confianza dos clientes polas súas compras.

Grazas a estes vales, cada compra transformouse nunha experiencia de lecer: recoller palomitas e gominolas nos postos xunto aos espectáculos, disfrutar de degustacións gastronómicas como tapas ou mini hamburguesas de mexillón, ou acceder aos inchables, garantindo momentos de diversión para os máis pequenos.



Cada Vale Corazón simbolizou o compromiso compartido entre comerciantes e clientela, lembrando que mercado local, todos participamos na festa do comercio de Boiro.

Un pequeno xesto de fidelidade converteuse así nunha experiencia completa, que enchía de vida as rúas da vila e fortalecía a comunidade comercial.



GASTRONOMÍA

A campaña destacou pola súa fusión de cultura, diversión e gastronomía local.

Na xornada inaugural, máis de 500 tapas de mexillón, o produto estrela de Boiro, foron elaboradas polo chef Miguel Mosteiro en colaboración coa Exaltación do Mexillón de Cabo de Cruz.

Cada tapa serviu como un auténtico homenaxe á riqueza gastronómica da vila, ofrecendo aos participantes a oportunidade de degustar un símbolo local mentres apoiaban os comercios da súa contorna.





No acto de clausura, a gastronomía volveu brillar coas 500 mini hamburguesas de mexillón, unha reinterpretación creativa do produto emblemático de Boiro.

Estes pratos especiais, accesibles mediante os Vales Corazón, ofreceron unha experiencia lúdica e saborosa, lembrando que a gastronomía local pode ser unha ponte entre as compras e a participación cidadá, enchendo a campaña de sabor e identidade Boirense.



O SORTEO

O sábado 23 de agosto celebrouse o acto final da campaña na Praza do Concello, un momento que quedará na historia do comercio local de Boiro.

O presidente da ABE, Daniel García, destacou a magnitude do evento: “Ni no mellor dos nosos soños esperabamos reunir a 4.000 persoas nunha mesma xornada. Foi unha mostra impresionante do apoio da veciñanza ao noso comercio local”.



Antes do gran sorteo os máis pequenos gozaron do parque de inchables, mentres que o público en xeral tivo acceso a palomitas, gominolas e mini hamburguesas de mexillón, todas vinculadas aos Vales Corazón que os participantes obtiveran nos comercios locais.

Ademais, como detalle especial da campaña, repartíronse 500 abanicos de deseño exclusivo.

O gran acto de clausura da campaña contou cunha presentación de primeiro nivel a cargo do dúo cómico Mofa e Befá (Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira), recoñecidos por unha traxectoria extensa e consolidada no mundo do humor en Galicia.

A súa capacidade para conectar co público e crear complicidade fixo que o evento fose dinámico e divertido dende o inicio.

A música correu a cargo de Rapariga DJ, unha artista que actúa nos principais festivais da comunidade, quen ambientou a xornada cun repertorio enérxico e festivo, facendo que a tarde se convertese nunha experiencia memorable para todos os asistentes.





As cinco afortunadas que se levaron os vales de compra de 1.000 € cada un foron:

- María Rosa Rodríguez
- Mercedes San Miguel
- Ana Romina Porto
- Emma Chao
- Sandra Hermo



O presidente da ABE, Daniel García, destacou a relevancia desta campaña extraordinaria, non só polo volume de premios e actividades, senón polo que significou para a proxección do comercio de Boiro, a implicación dos negocios participantes e a resposta masiva da cidadanía.



"Boiro, Compras con Corazón non é só unha campaña puntual, senón un paso máis para consolidar a unión entre empresas, veciños e institucións, reforzando a nosa identidade como vila de comercio vivo e de futuro."

COMPROMISO LOCAL

**TOMÁS ESTÉVEZ
XERENTE ABE**



A campaña “Boiro, Compras con Corazón” permitiu poñer en valor o comercio local e reforzar a conexión coa clientela. Durante oito días, as rúas enchéronse de actividade: máis de 8.700 rifas cambiadas, 1.500 bolsas de algodón, máis de 2.700 bolsas de palomitas e gominolas, 1.000 degustacións gastronómicas, 1.455 asistentes aos espectáculos e case 1.200 accesos aos inchables. Estes datos amosan a magnitude da participación e o impacto da campaña.

A iniciativa tamén incrementou a interacción cos negocios, axudou a fidelizar clientes e destacou a importancia de mercar en Boiro. Cada espectáculo, punto de información e Vale Corazón reforzou o vínculo entre establecementos e clientela.

Desde a ABE deseñamos a campaña conectando comercio, cultura e cidadanía. Grazas á colaboración da Xunta, o Concello, os negocios asociados e profesionais locais, a iniciativa foi todo un éxito.

O máis importante foi ver veciños, visitantes e clientes disfrutando, participando e apoiando aos nosos comercios.

Esa conexión é a esencia da campaña e o recordo que permanecerá na vila: cando comercio, administración e cidadanía traballan xuntos, xorden proxectos únicos, emocionantes e con impacto real na comunidade.

Impacto da campaña



205

Negocios participantes



8.700

Rifas cambiadas por tickets de compra



1.500

Bolsas de algodón entregadas



500

Abanicos repartidos



1.218

Bolsas de palomitas degustadas



1.595

Bolsas de gominolas degustadas



1.455

Asistentes ás actuacións culturais e familiares



1.192

Accesos ao parque de inchables



8

Actuacións en directo realizadas



41

Persoas traballando na campaña



30.000

Vales corazón entregados



30.000

Folletos informativos



4.000

Persoas no sorteo



5.000€

En premios



337.486

Visualizacións



308.800

Visualizacións

Colaboración olivasinhache



409.000

Visualizacións, 19.500 likes



26

Presenza en medios de comunicación

BOIRO COMPRAS CON CORAZÓN



Campaña de dinamización extraordinaria organizada pola Asociación Boirense de Empresas, elixida como unha das 5 mellores da comunidade no marco da iniciativa "O teu comercio local é extraordinario" da Xunta de Galicia en 2025.